

4ª



FESTIVAL DE TÍTERES TRADICIONAIS

TITIRIBERIA

"OLLADAS SOBRE OS CRISTOVOS"



MEMORIA

2019

Memoria xustificativa de Titiriberia 2019

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

Presentamos o programa da cuarta edición de Titiriberia. Olladas sobre os cristovos, festival dedicado aos títeres tradicionais único da súa natureza en Galiza e no Estado, que se celebrado entre os días 9 e 15 de novembro en Teo.

Durante estes oito días ampliamos o programa e as actividades, podendo gozar de once espectáculos de títeres ofrecidos por sete compañías, unha mesa redonda, un obradoiro dirixido a profesionais e dúas exposicións. Ademais, continuamos a recuperar a Feira Cabalar de Francos como espazo para os títeres e para a animación cultural ao xeito máis tradicional: funcións de títeres e unha nova edición do espectáculo de varietés para público adulto creado especificamente para o evento.

Fóra das funcións da feira, o evento mantivo a nosa aposta por levar as artes escénicas ao tecido asociativo local a programar tres funcións en diferentes locais sociais do concello, descentralizando a oferta do festival. Alén disto mantívose a oferta escolar do programa, con cinco funcións escolares.

De xeito complementario a Titiriberia, a Asociación Cultural Morreu o Demo inicia neste 2019 en Teo o proxecto didáctico "Da Barraca á aula". Esta proposta achegou aos centros de ensino do concello no primeiro trimestre do curso 2019-2020 obradoiros e actividades cas que contribuír á difundir este patrimonio inmaterial e favorecer a súa inclusión nos programas do ensino regrado.

1. Espectáculos

Funcións escolares

Fábula galénica, Fantoches Baj (Galiza)

O espectáculo Fábula Galénica interprétase dentro dunha preciosa radio antiga e presenta unha divertida historia de absoluta actualidade que bebe dos contos populares. Narrado coma se dun programa de teatro radiofónico se tratase, conta como nun pobo ven reducidos os seus recursos polo desexo do Rei Don Cardo. Isto obriga ao Burro da Tía Lola xunto coa raposa, o lobo e o regato a organizárense na súa loita contra o Rei para recuperar a vida da fraga e a súa contorna. A obra foi galardoada co VIII Premio Barriga Verde de Textos de Teatro para Monicreques (Modalidade infantil)

- <https://urdime.gal/project/fantoches-baj/>
- <https://vimeo.com/35625005>
- Duración: 60 minutos
- Público destinatario: alumnado de primaria
- Data: Martes 12 de novembro
- Horario: 10.30h e 12.30h
- Lugar: Auditorio Constante Liste

Mamulengo Capiroto, Marcelo Lafontana (Portugal)

O Barriga Verde brasileiro, o Mamulengo, chega ao Titiriberia da man de Marcelo Lafontana, titiriteiro afincado en Portugal. Novos acentos e formas achegan como se entende da outra banda do Atlántico esta tradición escénica. Cun alto compoñente de improvisación, esta espectáculo baséase nunha interacción constante co público con grandes doses de música e danza, que completan en grande medida o que os bonecos apenas chegan a dicir.

- <https://www.lafontana.pt/espectaculo.asp?id=29>
- Duración: 45 minutos
- Destinatarios: Alumnado da ESO do IES Cacheiras
- Data: martes 12 de novembro
- Horario: 12.45h
- Lugar: Salón de Actos do IES Cacheiras

El faldón de la locura, La pícara locuela (Segovia)

A actualizar a tradición do bululú, unha das formas máis antigas de teatro ambulante de títeres, a compañía La Pícara Locuela transforma un faldón nun teatriño no que se desenvollen as obras de títeres. O espectáculo presenta os números “El pícaro burlado” e “El panadero y el diablo”, dous clásicos da escena arxentina que entran así en contacto coa escena galega. Unha proposta que destaca a técnica de manipulación dos títeres no que a esencia deste xénero se mestura coa orixinal posta en escena.

- <http://lapicaralocuela.com/bululu-o-el-faldon-de-la-locura/>
- https://youtu.be/o3FfynQ_qu0
- Duración: 55 minutos
- Público destinatario: alumnado de E.I
- Data: Xoves 14 de novembro
- Horario: 10.00h e 12.30h
- Lugar: Auditorio Constante Liste

Funcións para público xeral

Barriga Verde, Viravolta Títeres (Galiza)

Mesturando a tradición do títere galego coa europea, o espectáculo presenta cinco situacións que Barriga Verde, coa axuda da súa cachaporra, resolve dun xeito que incomoda ao Demo ao ver o seu inferno cheo de personaxes que non lle son gratos. Espectáculo baseado na investigación que a compañía fixo sobre a figura de Barriga Verde e o títere tradicional galego. Preséntase coma unha homenaxe ao Barriga Verde que a familia Silvent representou por Galicia na primeira metade do século XX.

- <http://www.viravoltatiteres.com>
- Duración: 50 minutos
- Público destinatario: público familiar
- Data: Sábado 9 de novembro
- Horario: 18h
- Lugar: local da A.C A Mamoá

Camiño de aventuras, Títeres Cachirulo (Galiza)

Personaxes vinculados á tradición Xacobeá, como Don Gaiferos, a Raíña Lupa, a Raíña Isabel de Castela ou o mesmo Demo Lucifer, entre outros, danse cita neste espectáculo co que Cachirulo vencella os títeres co Camiño de Santiago. Un novo xeito de actualizar e integrar novas formas de patrimonio inmaterial e achegar estas tradicións ás novas xeracións.

- <http://www.titerescachirulo.com/gl>
- Duración: 55 minutos
- Destinatarios: Familiar
- Data: Mércores 13 de novembro.
- Horario: 18.30h
- Lugar: ArcOs Tilos

Juego de Polichinelas, La pícara locuela (Segovia)

Espectáculo tradicional inspirado nos guaratelle napolitanos. O personaxe de Polichinela é o heroe popular que fai xustiza a golpe de cachaporra e faise a voz do pobo sobre o escenario. Un ritmo vertixinoso e unha coreografía vigorosa actualizan este clásico, coa peculiaridade ademais de apostar por un personaxe feminino. La Pícara Locuela é a única heroína popular castelá deste tipo. O seu carácter recio, pícaro e saleroso lévaa a empregar a cachaporra de xeito diferente e máis sutil do que o seu homólogo masculino.

- <http://lapicaralocuela.com/juego-de-polichinelas/>
- Duración: 60 min
- Público destinatario: público familiar
- Data: Venres 15 de novembro
- Horario: 18h
- Lugar: Local da A.C.R. San Xoan de Calo. Teo

Pulcinella, Irene Vecchia (Italia)

Desde Nápoles chega ao Titiriberia un dos mellores exemplos existentes dos guaratelle napolitanos, tradición titiriteira con 500 anos de existencia á que se remonta a orixe de Barriga Verde. O protagonista, un ser libre con voz máxica, renova en escena o eterno conflito entre o ben e o mal. Acompañado da súa amada Teresina, un can, a morte, o carabineiro ou monxe son algúns dos contrincantes cos que se atopa. Un espectáculo cheo de ritmo que achega ao noso escenario os xeitos orixinais esta antiga tradición.

<http://www.irenevecchia.com/>

<https://youtu.be/RBOrWndK17w>

- Duración: 50 minutos
- Público destinatario: todos os públicos.
- Data: luns 11 de novembro.
- Horario: 12.30h
- Lugar: Barraca na Feira de Francos

Mamulengo Capiroto, Marcelo Lafontana (Portugal)

O Barriga Verde brasileiro, o Mamulengo, chega ao Titiriberia da man de Marcelo Lafontana, titiriteiro afincado en Portugal. Novos acentos e formas achegan como se entende da outra banda do Atlántico esta tradición escénica. Cun alto compoñente de improvisación, esta espectáculo baséase nunha interacción constante co público con grandes doses de música de danza, que completan en grande medida o que os bonecos apenas chegan a dicir.

- <https://www.lafontana.pt/espectaculo.asp?id=29>
- Duración: 45 minutos
- Destinatarios: todos os públicos
- Data: Luns 11 de novembro
- Horario: 10.30h e 16h
- Lugar: Barraca na Feira de Francos

Barriga Verde ataca de novo, Títeres Alakrán (Galiza)

Os números máis famosos do mítico Barriga Verde, desde a tourada, o militar, o enterro e por suposto a sempre elegante aparición do demo, fan parte desta proposta na que Títeres Alakrán reinterpreta a obra clásica cun único manipulador que ademais recupera o tradicional emprego da palleta para lle pór voz aos personaxes.

- <https://titeresalakran.wordpress.com/category/espectaculos/barrigaverde-ataca-de-novo/>
- Duración: 45 minutos
- Público destinatario: todos os públicos.
- Data: Luns 11 de novembro.
- Horario: 11.30h
- Lugar: Barraca na Feira de Francos

Outros espectáculos

As varietés do Barriga Verde (varias compañías e artistas de Galiza)

Logo do éxito do pasado ano, o festival Titiriberia amplía a apostou por reconstruír, desde unha óptica actual, o espectáculo que a familia Silvent realizaba na súa barraca de xeito previo á representación da obra de Barriga Verde.

Concha Cocos (Iria Pinheiro), unha famosa diva vida a menos, será a anfitroia do Titiriberia e recibirá á audiencia co seu estilo decadente e cabareteiro. Ademais de presentar o evento deleitará ao público cunha serie de adiviñacións sobre a actualidade política e económica en directo.

O conxunto internacional Áureas interpretará os ritmos bailables dos anos 20 nunha mestura de música e teatro, intercalados entre números de clown, escapismo e manipulación de obxectos nun ambiente de cabaret a conformar un espectáculo orientado a público adulto que se presentará na véspera da Feira de Francos na propia carballeira da feira. Preténdese a un tempo recrear o ambiente da barraca "Pavillón da Risa", que a familia Silvent moveu polas feiras galegas durante a primeira metade do século XX, e incluír unha actividade cultural na véspera da feira de Francos, cando acode moita xente da contorna para degustar o polbo. Pajarito, Maria Dobronich (Arxentina), Quinquilláns, Trécola e Alakrán farán parte deste espectáculo. Como novidade, este ano as Áureas percorreren a Feira de Francos de xeito previo ao espectáculo de Varietés, para animar a contorna.

A intención é que esta montaxe, deseñada desde a propia organización do festival e de xeito específico para este evento, poida xirar con posterioridade en diferentes feiras tradicionais e eventos que están a contar de xeito habitual con títeres tradicionais.

- Duración: 120 minutos
- Público destinatario: persoas adultas
- Data: domingo 10 de novembro.
- Horario pasarrúas: 21h na Carballeira de Francos
- Horario Varietés: 21.30h
- Lugar: Barraca na Carballeira de Francos

Animacións de rúa, Títeres Alakrán, Seidedos Marionetas Tradicionais e a Cia. Indignati da asociación Galega de Commedia dell'arte (Galiza)

A recrear os espectáculos de porta que a familia Silvent, como moitos outros feirantes, facían na entrada das súas barracas para chamar o público, un grupo de artistas animará a feira de Francos e chamará pola participación dos asistentes. Farsas a tres con Pulcinella, Colombina e o Demo, un zancudo, o cego coas súas coplas ou o pallaso farán do campo da feira un lugar de divertimento a recuperar antigos xeitos de entretemento e historias con séculos de tradición.

- Duración: pases antes das funcións.
- Público destinatario: todos os públicos.
- Data: Luns 11 de novembro
- Horario: desde ás 10.30h
- Lugar: Feira de Francos

Mesa redonda *Onde vai a cachaporra? Titeres tradicionais no panorama galego*

Este encontro reuniu membros das compañías participantes no evento con persoas do sector tirititeiro galego. A mesa, que será gravada e difundida con posterioridade, pretende repasar a situación do títere tradicional no actual panorama de titiriteiros e titiriteiras do noso país e debater as posibilidades e problemas da súa integración nos repertorios das diferentes compañías e nas programacións culturais de hoxe. Irene Vecchia, titiriteira napolitana, Xose Vidal Topo, director de escena e Doutorado no Teatro de Obxectos de Galicia, e Os Monicreques de Kukas, moderados pola titiriteira Lalinense Pilar Álvarez Blanco, compartirán as súas experiencias neste sentido. Con esta actividade integramos na actividade do festival a Casa Grande de Cornide. Este establecemento de Turismo Rural foi no seu día casa do republicano e libreiro Manuel Tarrío, que se tivo que exiliar logo do golpe fascista de 1936. Con esta proposta queremos recuperar para a actividade cultural un espazo de especial significancia en Calo.

- Duración: 90 minutos
- Destinatarios: Aberto a calquera persoa adulta amante dos títeres
- Data: sábado 9 de novembro.
- Horario: 20h
- Lugar: Casa Grande de Cornide, Teo.
- <https://www.google.com/maps/dir//42.805582,-8.603956/@42.805582,-8.603956,16z?hl=es-ES>

Obradoiro *Curso de manipulación de guaratelle con Irene Vecchia*

A recoñecida titiriteira Irene Vecchia imparte este obradoiro dirixido a adultos que desexen perfeccionar ou achegarse á manipulación de títere de luva tradicional. Formada na "Scuola delle Guarattelle", escola especializada en títere de tradición napolitana, Vecchia gradouse en Artes visuais e escénicas na academia de Belas Artes de Nápoles e é internacionalmente recoñecida como un dos principais expoñentes desta tradición escénica. Constrúe e crea os seus propios espectáculos dende o 2012, traballando tanto nas rúas de Nápoles como en programacións e festivais de relevancia internacionais.

Este obradoiro teórico práctico permitiu ás persoas participantes coñecer de preto as forzas que se crean entre os títeres e nos repertorios clásicos da guaratelle e experimentalas desde o interior. Ademais, facilita dominar polo miúdo as técnicas de manipulación deste tipo de bonecos de cara á súa inclusión en diferentes espectáculos. Vecchia non esquece as mudanzas inherentes a toda tradición e aborda tamén a problemática de actualizar o xeito de levar a escena un repertorio con quíntos anos de existencia.

Con esta iniciativa a asociación Morreu o Demo quere contribuír á divulgación das técnicas de títeres tradicionais no seo do colectivo titiriteiro do país, favorecendo o desenvolvemento de novas montaxes a empregar esta linguaxe.

Xunto aos datos persoais da inscrición, solicítouse un breve texto de presentación e de cal é o motivo de querer facer o curso.

- Datas: 9 e 10 de Novembro de 2019.
- Horario: 10.30h a 13.30h - 15.30h a 17.30h
- Lugar: Local da A.C.R. San Xoan de Calo. Teo

2. Exposicións

A gran familia do títere

Exposición en paneis sobre a xenealoxía de Barriga Verde e os títeres europeos. Pulchinella, Punch, Guignol, Kasper... todos os representantes internacionais desta familia preséntanse nunha serie de paneis contextualizándoos e a explicar a súa evolución e diferenzas.

- Duración: Do 15 de outubro ao 15 de novembro
- Lugar: Piscina Municipal

Onde foi Barriga Verde?

Unha reflexión xeral sobre o personaxe e o seu esquecemento en dez paneis ilustrados a toda cor. A historia dos Silvent, a importancia das feiras, o patrimonio inmaterial ou a tradición dos títeres europeos son algúns dos temas que se tratan. A exposición conta coa súa propia guía didáctica.

- 10 e 11 de Novembro na Barraca na Feira de Francos

En relación ao cumprimento dos requisitos da base 3 da convocatoria:

- Establécese un mínimo do 30% de compañías galegas na programación. O Titiriberia cumpre este requisito xa que das nove compañías presentes nesta edición, catro son galegas.
- O o 50 % dos espectáculos deberán ser en lingua galega: das once funcións cinco foron en galego, máis as tres animacións, as Varietés e a mesa redonda.
- Toda a sinalética, soportes de difusión e contidos divulgativos do festival (web, redes sociais, folletos, cartelería, publicacións...) realizáronse en lingua galega.

3. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

Do 9 ao 15 de novembro en diferentes espazos do Concello de Teo (concretados no apartado anterior).

4. CUANTIFICACIÓN E PERFIL DAS PERSOAS PARTICIPANTES

FUNCIÓNS

- Barriga Verde: 120 persoas, adultos, na súa maioría usuarios habituais da ACR A Mámoa.
- Camiño de aventuras: 80 persoas (6 a 10 anos), na súa maioría usuarios habituais da ACR ArcOs Tilos
- Juego de polichinelas: 100 persoas, adultos, na súa maioría usuarios habituais da ACR San Xoán de Calo
- Fábula Galénica (escolar): 440 alumnos de Ensino primario do CRA de Teo, CEIP A Ramallosa e
- El faldón de la locura (escolar): 357 persoas de Educación Infantil máis profesores no Auditorio Constante Liste.
- Mamulengo Capiroto (escolar): 90 persoas do alumnado do IES de Cacheiras e do CPI da Virxe da Saleta de Cea, máis profesores de ambos centros.

Funcións na barraca:

- Pulicinella: 90 persoas de todo tipo. En particular peso de crianzas e persoas de terceira idade.
- Mamulengo Capiroto (dúas): 200
- Barriga Verde ataca de novo. 100
- Varietés: 100 persoas

OUTRAS ACTIVIDADES

- Mesa redonda: 25 persoas. Público vencellado ao mundo do títere e da escena.
- As varietés de Barriga Verde: 120 persoas. Adultos. Asistentes á feira e persoas do mundo da escena.
- Actividades de rúa: 600 persoas
- Obradoiro: 7 persoas
- Exposicións: 600 persoas na piscina

Total: 2.429 persoas

Obsérvase unha participación maioritaria de público infantil e xuvenil. Por unha banda a altísima ocupación das funcións escolares apoia o éxito neste ámbito, pola outra, tamén as actividades da feira conseguiron unha importante asistencia deste sector.

En paralelo, é de destacar o incremento este ano dun público vencellado ao mundo das artes escénicas e dos títeres. A programación do cabaret conseguiu atraer un público máis especializado e a mesa redonda chamou a profesionais e afeizoados do sector, constiúndose nun auténtico foro de debate sobre as problemáticas ás que se enfronta o títere tradicional, o que se pode considerar un novo paso na consolidación do festival como un referente.

Ao igual que en anos anteriores é de destacar de xeito particular o predicamento que conseguen as funcións de títeres tradicionais e a súa asociación con Barriga Verde entre o público de máis idade. Nese sentido, xa sexa en solitario ou ben a acompañar a público infantil, son moitas as persoas que se achegan e participan nas actividades do evento.

O grande éxito do traballo coas diferentes asociacións locais, a descentralizar as actividades do festival anímanos a seguir por este camiño e procurar unha maior coordinación coas mesmas de cara a futuras edicións. No caso da Asociación San Xoán de Calo, a coincidencia co magosto integrou a programación do festival nas actividades propias do colectivo e permitiu unha retroalimentación de públicos. Do mesmo xeito, a integración do festival na Feira de Francos consolidouse e fai que a Barraca comece a ser un elemento familiar no evento. Desta volta conseguiu unha maior coordinación coas actividades propias da feira, dando a coñecer o festival entre as persoas participantes nas sesións de cantos de taberna.

5. REPERCUSIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS

Acerca da difusión e impacto social, concluímos que a presenza do festival en medios foi moi boa, temos que sinalar ca profesionalización deste aspecto tivo un impacto moi positivo.

A cobertura centrouse en tres eixes:

1. O carácter único do evento.
2. A presentación do programa.
3. Axenda.

Deste xeito, a maior parte das informacións sobre o festival cubrírono de xeito xeral. No entanto observouse unha particular atención ao vencello do evento coa Feira de Francos, o que amosa o acerto desta localización. A cobertura da nota de prensa de presentación do evento foron altamente satisfactorias, e pensamos que se conseguiu o obxectivo que dar a coñecer festival e de marcar as súas características diferenciais.

Ademais disto, varios espazos centrados de xeito específico na información de axenda achegaron unha cobertura máis ampla. Neste último campo, para a asociación, resulta de especial importancia o ter conseguido unha boa presenza do evento en espazos especializados de axenda local e nos principais webs de información de actividades para o público infantil.

Os medios especializados en Títeres a nivel estatal, como Unima e Titeresante una vez máis acolleron polo extenso a celebración do festival, polo que consideramos que se vai conseguindo o obxectivo de facer do evento un referente estatal neste ámbito. Neste sentido, as publicacións en Youtube funcionan de xeito particular no marco do sector.

Internet e redes sociais

No campo das redes sociais, o festival conseguiu un seguemento importante. As publicacións de Facebook obtiveron unha media de alcance de 436 persoas, no perfil do festival con picos de 1.700, e outros 493 de alcance medio no perfil da asociación, de novo con picos de 1.700 con publicacións como o programa do evento. O Concello, a Asociación e mais a Rede de Bibliotecas convertéronse nos principais emisores de contidos tanto en Twitter como en Facebook.

Nesta liña, cómpre valorar o mantemento do web específico sobre o festival (o dominio está xa rexistrado) e o perfil propio nas diferentes redes sociais reforzan o asentamento da marca.

Boa parte da comunicación tivo como obxectivo conseguir a consolidación da marca no conxunto da sociedade galega e nos ámbitos estatais especializados en títeres. A intención de consolidar do evento un referente no seu ámbito está a se ver en diferentes referencias en medio da man de titiriteiros internacionais e de investigadores do sector.

A idea de títere tradicional, vencellada no noso país á figura de Barriga Verde posúe un enorme potencial comunicativo e pode facilitar nunha grande medida o asentamento da marca entre o público potencial. Nun segundo termo, reforzar esta idea co concepto ibérico salienta o outro grande valor da nosa tradición de títeres: o feito de ser á vez un patrimonio identitario e compartido con formas escénicas de toda a Península e de toda Europa. Este carácter internacional supón un atractivo importante no sentido de que o público sente como unha revalorización do seu propio patrimonio o recoñecemento do mesmo deste o exterior.

6. RESULTADOS OBTIDOS

De xeito xeral, a *AC Morreu o Demo* considera un éxito a celebración da cuarta edición do festival Titiriberia, olladas sobre os Critovos. O programa conseguiu unha boa afluencia de público, unha notable presenza nos medios de comunicación e críticas positivas. Ademais, xerou contidos de grande interese para a difusión dos títeres tradicionais na nosa sociedade.

En particular, esta edición marcou un enorme paso adiante, cunha maior presenza xeral de público, un grande éxito das actividades nos centros de ensino, unha selección de obras de grande calidade e un maior impacto mediático aparecen como os principais elementos de mellora detectados.

A repasar polo miúdo o programa, desde a Asociación consideramos:

1. **Funcións escolares:** Axeitáronse ao previsto e conseguiron unha importante participación, mellor mesmo que na edición anterior, e cunha enorme implicación por parte dos alumnos e alumnas. Avogamos por ampliar a súa presenza no conxunto do programa como un bo xeito de chegar ás novas xeracións. Desta volta, o desenvolvemento de obradoiros para centros de ensino foi esgallada da programación específica do festival co programa “Da barraca á aula”, que se desenvolveu ao longo do primeiro trimestre do curso 2019/2020 en todos o centros de ensino do concello. Aínda que desligado directamente do festival, os obradoiros, palestras e actividades formativas contribuíron a xerar interese polos títeres tradicionais entre alumnado e profesorado e animaron a participar nas funcións escolares.
2. **Funcións para público xeral:** comprobamos un ano máis o éxito das representacións que se desenvolven no marco da Feira de Francos, con cheos absolutos e aceptación

xeralizada dos espectáculos.

3. **Curso:** Se ben o número de prazas non se completou por dúas baixas de última hora, o curso revelou-se como un grande éxito, que facilitou a interacción entre profesionais do sector, consolidou o festival como un referente para o mesmo, xerou novos espazos de convivencia e resultou altamente satisfactorio para todas as persoas participantes.
4. **Mesas redonda:** Neste sentido viuse unha retroalimentación entre o curso, desenvolvido por vez primeira este ano, e asistencia á mesa redonda, así como na participación da mesma: Ao se coñecer e ter participado xuntos no curso boas partes das persoas presentes facilitouse un debate máis horizontal e específico. Alén do seu impacto ao vivo, a distribución posterior pola rede deste tipo de contidos vai contribuír a facer da cita un referente a nivel ibérico. Nesta ocasión, o evento redonda funcionou axeitadamente e conseguiu un interesante diálogo entre perspectivas diferentes e propostas locais e internacionais.
5. **Exposicións:** A integración da exposición “Onde foi Barriga Verde?” na propia barraca achegou unha contextualización aos espectáculos representados e enriqueceu os contidos da mesma. Pola súa banda, a exposición situada nas piscinas municipais permitiu chegar ao importante número de usuarios destas instalacións, interando de novo o festival na oferta habitual de ocio do concello.
6. **Comunicación:** Malia ás complicacións de cobertura que supuxo a coincidencia do festival coa celebración das eleccións estatais, conseguimos un importante éxito a presenza conseguida, con aparicións en diferentes programas televisivos, a práctica totalidade das cabeceiras galegas e principais espazos radiofónicos culturais. Ademais, houbo un amplo seguimento na rede.
O traballo con máis tempo de marxe e a contratación dun profesional facilitaron unha maior presenza en televisións, radios e prensa, cun especial impacto nos medios culturais e en espazos comarcais.
7. **Programa:** Pensamos que o programa conseguiu unha presenza variada das diferentes tradicións de títeres do conxunto da Península. Ademais, parécenos interesante apostar pola inclusión en cada unha das edicións dunha obra que busque novos xeitos de expresión a través dos títeres. Isto pode facilitar a evolución e a busca de novos formatos para a expresión desta tradición escénica.
Do mesmo xeito, a presenza do Festival na Feira de Francos, coa volta de Barriga Verde ao seu lugar de orixe, parécenos que amosa tamén un camiño a seguir
8. **Datas:** facer coincidir o festival á celebración da feira de San Martiño pensamos que é un éxito, mesmo nesta ocasión na que a feira non cadrou en fin de semana ameazaba con restar afluencia. No entanto, non se verificou esta diminución e as funcións mantiveron o éxito habitual.
9. **Espazos:** Os espazos nos que se desenvolveu o festival foron polo xeral axeitados ao programa,
Noutra liña, quizais pode ser interese buscar xeitos de facilitar a itinerancia do público entre sedes: sinalética específica, instalación de transporte, actividades musicais e escénicas a seguir o itinerario... poden facilitar que o conxunto do Concello se perciba como un escenario.
10. A aproveitar a presenza na feira, rexistramos en vídeo varios **testemuños** sobre os

títeres e a presenza de Barriga Verde na mesma no pasado, o que facilita a integración do festival entre os veciños. Está previsto que este material se proxecte no marco de vindeiras edicións do festival.